

Frei Martín Sarmiento



GUÍA DIDÁCTICA



GUÍA DIDÁCTICA FREI MARTÍN SARMIENTO

JENIFFER FERNÁNDEZ GONZÁLEZ

MIGUEL GARCÍA-FERNÁNDEZ

MARÍA RIVO VÁZQUEZ

ILUSTRACIONES DE

PATRICIA DÍAZ SOTO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

2023

Este é un documento de acceso aberto distribuído baixo os termos da licenza de uso e distribución Creative Commons Recoñecemento 4.0 Internacional (CC BY 4.0). Máis información sobre esta licenza en <https://creativecommons.org/licenses/by/4.0/>

As noticias, os asertos e as opinións contidos nesta obra son da exclusiva responsabilidade dos autores ou autoras. A editorial, pola súa parte, só se fai responsable do interese científico das súas publicacións.

Catálogo de publicacións da Administración General del Estado:
<https://cpage.mpr.gob.es>

EDITORIAL CSIC: <http://editorial.csic.es> (correo: publ@csic.es)



Edición non venal

© CSIC

© Autoría: Jeniffer Fernández González, Miguel García-Fernández, María Rivo Vázquez

© Ilustracións e maquetaxe: Patricia Díaz Soto

NIPO: 833-23-057-6

e-NIPO: 833-23-058-1

Depósito Legal: M-16681-2023

Impresión e encadernación: Lugami Artes Gráficas

Impreso en España. *Printed in Spain*

Nesta edición empregouse papel ecolóxico sometido a un proceso de branqueado ECF, cuxa fibra procede de bosques xestionados de forma sostible.

SUMARIO



Introdución	7
Que vas atopar nesta guía?	8
Frei Martín Sarmiento	
A vida do padre Sarmiento	9
O monxe bieito	12
A súa cela	14
A súa obra	16
A súa biblioteca	18
Lector e escritor	20
As súas viaxes	22
Sarmiento e a Ilustración	26
A lingua galega	28
A toponimia	30
O patrimonio documental...	32
... e o histórico-artístico	34
En defensa das mulleres	36
A botánica	38
A fauna	40
Ponte a proba!	42
A mensaxe secreta	44
Solucións	45
Glosario	52
Bibliografía	55
Recortables	59
Baralla	63

A Noa

A Aldara

A Javier, Andrés, Duarte, Saleta e Martiño

INTRODUCCIÓN



No ano 2022, no Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento (CSIC-Xunta de Galicia) conmemoramos o 250 aniversario do pasamento de frei Martín Sarmiento (1695-1772), grande erudito do Século das Luces e un auténtico namorado de Galicia e da súa lingua. Prestaríache saber máis sobre a súa figura e a súa obra?

Con esta guía, queremos achegarte á vida, ás viaxes, aos escritos e ao pensamento do padre Sarmiento. Para iso, non só terás que ler un pouquiño. Tamén poderás desfrutar aprendendo coa realización dun conxunto de actividades que esperamos que che resulten interesantes e entretidas.

Por outra banda, serás capaz de descifrar a mensaxe secreta que deixou o monxe oculta nestas páxinas? Aceptas o desafío?

Acompáñanos!





QUE VAS ATOPAR NESTA GUÍA?



Contidos teóricos

Información básica de cada apartado.

Sabías que...?

Datos curiosos e información complementaria.

Vocabulario

As palabras con asterisco (*) veñen definidas no Glosario das páxinas 52-54.

Citas literais

As propias palabras de frei Martín Sarmiento.

Exercicios

Para poñer en práctica o que aprendiches. Atoparás as solucións no apartado correspondente das páxinas 45-51.



A VIDA DO PADRE SARMIENTO



PEDRO JOSÉ GARCÍA DE BALBOA, máis coñecido como frei Martín Sarmiento, naceu o 9 de marzo de 1695 en Villafranca del Bierzo (León), onde os pais, de orixe galega, estaban temporalmente por traballo. De feito, nuns poucos meses trasladáronse a Pontevedra, lugar ao que frei Martín sempre se sentiu moi unido.

Alí fixo estudos elementais no colexio dos xesuítas, gratuíto e único na cidade, desde o ano 1702. Máis tarde, en 1709, entrou como novizo* bieito* en San Benitiño de Lérez. En 1710 ingresou en San Martín de Madrid e, un ano despois, profesou* co nome de frei Martín Sarmiento. Despois comezou os estudos superiores nun mosteiro de Navarra.



Se eu tivese dominio sobre os meus libros, sen dúbida algunha deixaríalos para a Biblioteca pública que se formase no lugar onde me criei.



Mosteiro de San Benitiño de Lérez



A VIDA DO PADRE SARMIENTO

Entre 1716 e 1720 estudou **teoloxía*** en Salamanca, onde tamén traballou na biblioteca. Logo ensinou esa materia nos mosteiros asturianos de Celorio e San Vicente. Neste último, a onde chegou en 1723, era abade o ilustrado galego Benito Jerónimo Feijóo, con quen mantivo unha estreita amizade.

Frei Martín adoraba ler, escribir e viaxar. Entre xuño e outubro de 1725 realizou a súa primeira viaxe “a divertirse” (como el dicía) a Galicia. Ao ano seguinte mandárono catalogar a biblioteca e o arquivo da Catedral de Toledo. Despois, o seu bo facer levou os seus superiores a permitirlle votar no **capítulo xeral*** da sección española da orde bieita, reunión que se realizaba periodicamente en Valladolid. Así mesmo, como **cronista*** xeral dos bieitos de España, tiña acceso a todos os arquivos da **orde***.

Anos despois, en 1745 e 1754, fixo outras viaxes a Galicia, nas que recompilou datos e mostras sobre os que investigar. Posteriormente, retirouse á súa **cela*** de San Martín de Madrid, onde escribiu e **gozou** da súa gran biblioteca en compañía dos seus gatos.

SABÍAS QUE...?


Frei Martín tiña dous gatos.
Un deles chamábase Gran Roxete!

Frei Martín faleceu en Madrid o 7 de decembro de 1772. Foi soterrado no desaparecido mosteiro de San Martín, de modo que hoxe en día descoñecemos o paradiro dos seus restos. En 1943 fundouse o Instituto de Estudos Galegos que leva o nome do padre Sarmiento como homenaxe ao sabio bieito, **ao** que se lle dedicou en 2002 o Día das Letras Galegas.

TÓCACHE A TI!



1. Coloca nesta liña do tempo os acontecementos máis destacados da vida de frei Martín Sarmiento.



2. E se agora fas a túa propia liña do tempo cos momentos máis importantes da túa vida?

3. Hai dúas datas moi relevantes relacionadas co monxe: 1943 e 2002. Lembras o que pasou neses anos?



O MONXE BIEITO

COMO xa sabes, frei Martín era un monxe bieito. Estes monxes vivían en comunidade nos mosteiros, os cales tiñan celas ou cuartos individuais; salas comúns como o **refectorio***, o **scriptorium***, ou a biblioteca; e unha igrexa propia. Como calquera relixioso regular, vivían baixo unhas normas ou “regra”, neste caso a de san Bieito, cuxo principio fundamental era **ora et labora***. Sabes cal é o significado desta expresión latina en galego? “Reza e traballa”. Seguindo este lema, a súa vida cotiá estaba organizada polas “**horas canónicas***”, é dicir, as oracións que cantaban xuntos na igrexa en oito momentos do día: matíns, laudes, prima, terza, sexta, nona, vésperas e completas.

SABÍAS QUE...?

A orde bieita foi fundada por Bieito de Nursia (480-547), creador desta regra. O seu obxectivo fundamental era levar unha vida máis sinxela e en comunidade.

Ademais, a orde bieita promovía a lectura e permitíalles aos monxes teren bibliotecas persoais. Os relixiosos e as relixiosas, xunto coa nobreza e a incipiente burguesía, eran un dos grupos privilexiados e, polo tanto, dos poucos que podían mercar libros, pois eran moi caros e a meirande parte da poboación non sabía ler.


SABÍAS QUE...?

A vestimenta dos monxes bieitos, que os diferencia doutras ordes, inclúe túnica con capucha e escapulario negros, cinto de coiro e sandalias, e tamén levan tonsura.

TÓCACHE A TI!



1. Temos unha maraña enorme coas partes da vestimenta do monxe. Poderías identificalas no debuxo?





A SÚA CELA

A CELA dun mosteiro é o dormitorio asignado a un **m**onxe, o lugar onde ten as súas **p**osesións. Martín Sarmiento pasaba longos períodos encerrado nela, onde lía, estudaba e pensaba. Alí gardaba unha listaxe case infinita de libros, obxectos curiosos e aparellos para a investigación. Bótalle unha ollada á seguinte nota escrita **p**olo propio monxe, onde enumera algunhas das súas pertenzas:

Un **breviario** grande e un misal romano, un cadro grande de san Bartolomé do Españaño e outros cadriños que son adorno, un crucifixo, dous rosarios, dúas **cugulas** usadas, dous **saíos** sacos, **escapularios** tres, un roupón todo usado, un par de zapatos, dous pares de medias, seis camisas usadas, sete novas, calzóns usados cinco, novos sete, **almillas** usadas catro, novas catro. Un escritorio de Salamanca, un escritorio de concha, uns anteollos e unha pluma, catro mesas, doce cadeiras vellas, unha balanza, astrolabio de bronce, un reloxo de luz. Teño un telescopio inglés de reflexión, un microscopio de cinco lentes, un estoxo matemático, e outro de faldriqueira, unha viola de man, unha arquíña cos seus botes da China para tabaco. Teño unhas vinte e oito libras de tabaco, teño unhas cen libras de chocolates, unha chocolateira [...].

TÓCACHE A TI!



1. Esta é a cela de frei Martín Sarmiento pero, como ves, está case baleira. Debuxa algunhas das posesións que máis che chamaron a atención da páxina anterior.



2. Busca o significado das palabras que están en letra grossa na nota do padre Sarmiento. Todas elas están relacionadas coa vida relixiosa dos monxes.



A SÚA OBRA

A OBRA de frei Martín Sarmiento é moi extensa e abrangue moitos temas que amosan a variedade dos seus intereses: historia, lingua galega, **arquivística*** e **biblioteconomía***, literatura, **etimoloxía***, pedagogía, ciencias naturais, **farmacopea*** etc.

SABÍAS QUE...?

A pesar de que a maioría dos escritos do padre Sarmiento non se publicaron a través da imprenta, moitos foron difundidos mediante copias manuscritas elaboradas con plumas e tinteiros.

O monxe escribiu numerosas cartas, tratados, informes, catálogos, libros e cadernos. Algúns textos, como non estaban destinados a ser publicados, quedaron inacabados. Porén, o conxunto da súa obra evidencia o seu inmenso labor intelectual, o seu papel como **erudito***, e, á vez, o recoñecemento que lle tivo a sociedade do seu tempo.



Apestado de moscóns que me censuraban porque non saía da casa e porque non imprimía os meus escritos, escribín 10 pregos co título Porque si e porque non do P. Sarmiento.

SABÍAS QUE...?

Na Colección Medina Sidonia consérvanse 18 volumes nos que está recollida a maior parte da produción de Sarmiento, cun total de entre 25 000 e 30 000 páxinas!

TÓCACHE A TI!



1. Estamos intentando poñer un pouco de orde nos libros de frei Martín. Axudaríanos a colocalos por materias? Emprega a cor que corresponda segundo o seguinte código (ten en conta que hai libros que poderían estar en varios andeis):



- ☐ Demostración crítico apologética del Teatro Crítico Universal.
- ☐ Sobre los atunes o almadrabas.
- ☐ Memorias para la historia de la poesía y poetas españoles.
- ☐ Coloquio en mil duascientas coplas galegas.
- ☐ Catálogo de voces de la lengua gallega recogidas por el padre Sarmiento.
- ☐ Catálogo de libros curiosos y selectos.
- ☐ Onomástico latín-gallego de los vegetables según el sistema de Tournefont.
- ☐ La educación de la juventud.
- ☐ Onomástico etimológico de la lengua gallega.
- ☐ Sobre el lobo cerval.
- ☐ Descripción, efectos y virtudes del vegetable carqueixa.
- ☐ Sobre la legitimidad de unos privilegios antiguos.
- ☐ Onomástico etimológico latín gallego de los nombres de lugares, apellidos y frutos de Galicia.



A SÚA BIBLIOTECA

A BIBLIOTECA persoal do padre Sarmiento en San Martín de Madrid chegou a ter arredor de 5500 volumes, algo excepcional mesmo entre os outros **ilustrados*** da época. As temáticas máis frecuentes nela eran a teoloxía, a xeografía, a historia, a **epigrafía*** e a **numismática***, a arqueoloxía, as matemáticas, a filosofía, a literatura, as linguas (tamén as minoritarias ou de países afastados), a astronomía, a gramática latina, a medicina, a química, os estudos orientais, as viaxes, e moitos, moitísimos libros sobre ciencias naturais, en especial de botánica.



Frei Martín coñecía as novidades editoriais estranxeiras e tiña obras de grandes filósofos e científicos do seu tempo como Newton, Descartes ou Bacon. Tamén as do seu grande amigo Feijóo, o **cisterciense*** Caramuel e os **xesuítas*** Kircher e Schott, polos que tiña especial querenza.

SABÍAS QUE...?


A elite intelectual das academias e universidades non lle gustaba nada ao padre Sarmiento.

Moita desta información coñecémola grazas ao catálogo feito polo propio frei Martín, que amosa unha vez máis o seu gusto científico pola sistematización.

TÓCACHE A TI!



1. Necesitamos atopar todos estes autores que leu frei Martín. Bótanos unha man? O noso consello é que comeces polas palabras que son únicas en número de letras.



4 LETRAS

Trew

5 LETRAS

Bacon

6 LETRAS

Feijóo

Linneo

Newton

Schott

7 LETRAS

Kircher

Leclerc

8 LETRAS

Caramuel

9 LETRAS

Descartes

14 LETRAS

Terreros y

Pando

Non tes curiosidade por saber quen foron estes autores? Un deles mesmo inventou un piano de gatos! Busca información en Internet e pescuda. Os nomes completos están nas solucións.



LECTOR E ESCRITOR

ADEMAIS de ler moito e elaborar obras de diversas disciplinas, frei Martín escribiu centos de cartas. No século XVIII non había móbiles nin ordenadores (nin sequera se inventara o **telégrafo***!), así que os modos que tiñan as persoas de comunicarse a distancia eran limitados. Como ben sabes, o noso monxe vivía lonxe da súa familia e para manter o contacto con ela escribíalle cartas como a seguinte:




TÓCACHE A TI!



1. Estamos intentando saber o que puxo frei Martín nesta carta, mais perdemos algunhas palabras... Poderíáenos axudar? Colócaas nos recadros correspondentes.

A quen lla escribiu?



melones

pepitas

hermano

siembran

Martín

azúcar

Semana Santa

Por la [] -

[] comí dos melones
de Valencia que eran un terrón
de []. Supongo que se []
muy tarde. Remítote las []
para que repartes. Y si quisieres más,
avisa. Y a Dios. Madrid, 23 de
junio de [1]762.

Tu [],

Fr. []



AS SÚAS VIAXES

PRIMEIRA VIAXE (1725)

FREI MARTÍN fixo tres viaxes a Galicia, as dúas últimas con cada un seu caderno de viaxe. Na primeira, en 1725, partiu de Oviedo ata chegar a Pontevedra, onde parou coa súa nai. A continuación, proseguíu o seu camiño ata saír de Galicia por Valdeorras.



Non boto de menos a miña cela nin os meus libros, pois aquí divírtome contemplando as cousas que Deus creou: peixes, aves, animais, plantas, herbas, cunchas...



Catedral de San Salvador (Oviedo)



AS SÚAS VIAXES



SEGUNDA VIAXE (1745)

En 1745, dirixiuse desde Valladolid cara ás terras galegas ata entrar polo Cebreiro e ir a Samos, Lugo, Sobrado, Santiago, Caldas de Reis, Barosa e Pontevedra. Desde alí, mentres estaba aloxado na casa de seu irmán Francisco Javier, realizou numerosas excursións, sobre todo pola costa, desde A Guarda ata Ferrol.

Como ese ano era Ano Santo, os dous irmáns tamén decidiron peregrinar a Santiago, e fixérono bordeando o Salnés. Chegaron á cidade do Apóstolo pouco antes do 25 de xullo, cando esta estaba ateigada de xente que gozaba das festas.

SABÍAS QUE...?

O 24 de xullo de 1745 Sarmiento viu os fogos artificiais das festas do Apóstolo en Santiago desde o Colexio de San Xerome, no Obradoiro. Como sabes, estas festas seguen a celebrarse!



Igrexa de Santa María (Pontevedra)





AS SÚAS VIAXES

TERCEIRA VIAXE (1754)

Na súa derradeira viaxe, entre 1754 e 1755, o padre Sarmiento volveuse **m**over moito pola costa, ás veces aproveitando desprazamentos do seu irmán como comisario de Mariña, e mesmo chegou ao cabo Ortegal.


Alá por onde **í**a, frei Martín exploraba monumentos, bibliotecas e arquivos, falaba coa xente e paseaba devagariño polos montes e as praias, ávido de inscricións, léxico galego, topónimos ou tradicións; de datos xeográficos, minerais, plantas, cunchas e todo tipo de mostras de orixe vexetal ou animal.



TÓCACHE A TI!



1. Con tantos sitios que visitou Sarmiento, andamos algo perdidos. Poderíasn timer axudar a debuxar os principais itinerarios das dúas primeiras viaxes que realizou por Galicia? Escolle unha cor para o de 1725, outra para o de 1745, e outra para a peregrinación que fixo nese ano bordeando o Salnés.





SARMIENTO E A ILUSTRACIÓN

No século XVIII, tamén chamado Século das Luces, desenvolveuse en Europa e América a **Ilustración***. Esta foi un movemento intelectual e cultural que aspiraba a acabar coas **tebras** da ignorancia da humanidade mediante as luces do coñecemento, da experimentación e da razón.



Un deses galegos chamárase Alethophilo, que vén a ser o mesmo que Veritatis Amator (amante da verdade).

Frei Martín é considerado un dos grandes ilustrados, como tamén o seu admirado Benito Jerónimo Feijóo. Chegou a ser consultor dos monarcas Filipe V e Fernando VI, ademais de ser amigo de xentes poderosas, como o Duque de Medina-Sidonia, que visitaban a súa cela en San Martín de Madrid. Esta funcionaba como unha auténtica academia erudita.



SABÍAS QUE...?

Benito Jerónimo Feijóo naceu en Ourense en 1676. Foi monxe bieito e autor do discurso *Defensa de mujeres* e do *Teatro crítico universal*, un traballo que provocou o rexeitamento doutros relixiosos. Porén, tamén contou co apoio de frei Martín, quen publicou na súa defensa a obra *Demostración crítico-apologética del Teatro Crítico Universal*.

TÓCACHE A TI!



1. Temos que relacionar as seguintes palabras vinculadas ao Século das Luces coas súas definicións pero necesitamos a túa axuda. Iso si, coidado! Hai unha intrusa. Poderías atopala?

☐

EMPIRISMO

☐

CIENCIA

☐

RAZÓN

☐

SUPERSTICIÓN

☐

SABER

☐

ENCICLOPEDISMO

a) Doutrina que fundamenta na experimentación o coñecemento da realidade.

b) Conxunto de coñecementos obtidos mediante a observación e o razoamento, dos que se deducen principios e leis xerais.

c) Facultade de pensar e xulgar.

d) Coñecemento profundo en ciencias, letras ou artes.

e) Tendencia á acumulación sistemática de coñecementos pertencentes a diversas ramas do saber.

f) Sentimento polo que se cre que certas cousas ou signos teñen misteriosamente boas ou malas consecuencias.




A LINGUA GALEGA

FREI MARTÍN SARMIENTO mostrou un grande interese pola lingua galega. Defendeu o seu uso cotián e mesmo a súa incorporación á escola. Tamén recompilou numerosas palabras (algunhas das cales foron caendo no esquecemento) e investigou sobre a súa orixe. Por outra banda, reflexionou sobre a importancia do galego como lingua oral maioritaria do pobo e como lingua escrita.

SABÍAS QUE...?

Un dos protagonistas das *Coplas* do padre Sarmiento é Marcos da Portela, un mozo sumamente espelido, pícaro e gracioso. En 1876, Valentín Lamas Carbajal editou en Ourense a primeira publicación periódica monolingüe en galego, co título *O Tío Marcos d'a Portela*. Moitos anos despois, en 2021, Marcos tamén protagoniza a aventura dos Bolechas dedicada a frei Martín Sarmiento.



Entre os seus traballos sobre a lingua galega, moitos escritos en castelán, destacan a *Carta sobre el origen y formación de la lengua gallega*, o *Onomástico etimológico de la lengua gallega*, o *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega* etc.



Non poucas veces teño clamado contra a barbarie dos maxistrados de Galicia que aturan que aos seus nenos, nacidos, criados e residentes nese populoso Reino, se lles ensine na lingua castelá, que é tan estraña para os nenos como é o mesmo latín.

TÓCACHE A TI!



1. Queremos facer unha recollida de palabras galegas que estean a piques de ser esquecidas para podermos darlles vida de novo. Que che parece se nos axudas nesta tarefa? Cubre este cadro preguntándolle á túa avoa ou ao teu avó.

Palabra	Significado	Exemplo
<i>Cavorco</i>	<i>Camiño fondo entre montañas por onde corre un regato.</i>	<i>A fin de semana fíxenlle unha foto moi bonita ao cavorco.</i>

2. Por que cres que o padre Sarmiento, sendo tan defensor da lingua galega, escribía en castelán?

3. O único texto que se conserva del en galego son as *Coplas* e son ben divertidas... Bótalles unha ollada!:

*Non teño no cu
cangallo podenco,
nin rosca de galgo,
nin rabo de cerdo.*

*Teño o cu redondo
como o Papa mesmo,
e como touciño,
e como torresmos.*



A TOPONIMIA

ENTRE os amplos intereses do padre Sarmiento estaba a **toponimia***, é dicir, o estudo da orixe, historia e significación dos nomes de lugares. Ao longo das súas viaxes por Galicia, **t**omou contacto coa riqueza toponímica do país. Isto levouno a anotar os nomes de **l**ugares, montes, regatos etc., e a reflexionar sobre eles.

Neste sentido, a súa obra constitúe unha **fonte*** excepcional para coñecer a toponimia galega, incluíndo os lugares máis pequenos e recónditos. O certo é que **n**on os chegou a recoller todos, mais si manifestou o seu desexo de facelo “se estivese no Reino máis devagar”.

Non obstante, o padre Sarmiento concluíu que moitos destes topónimos se fundamentan na historia natural ou nos nomes de vexetais, e que non só había nomes de orixe romana, senón tamén algúns “antiquísimos e anteriores”, e outros posteriores dos tempos “suevo ou godo”.

SABÍAS QUE...?

O estudo deses lugares pequeniños chámase microtoponimia e foi unha das paixóns de frei Martín.



Pasan de tres mil parroquias as que hai en Galicia, e tendo en conta os seus lugariños non é ponderación que en Galicia haxa pasados vinte mil lugariños cos seus respectivos nomes.

TÓCACHE A TI!



1. Estamos a investigar se é certo que en Galicia hai milleiros de lugares como nos di frei Martín. Bótanos unha man? Busca na seguinte páxina web o nome do teu concello e completa a ficha: <https://www.xunta.gal/nomenclator>

Concello		
Parroquias	Número total	
	Exemplos	
Lugares	Número total	
	Exemplos	

Tamén podes consultar a web: <https://galicianomeada.xunta.gal>

2. Despois de facer esta procura, que pensas ti? Validamos a afirmación do padre Sarmiento?

3. Bótalles unha ollada a estas parellas de topónimos. Saberías identificar os verdadeiros?

Tolo	Cariño	Barrigas	Meixela
Os Pobres	Os Ricos	Melón	Sandía
Zas	Bum	Xardinmeao	Montemeao
O Quinto Pemento	O Quinto Pino	Días	Noites



O PATRIMONIO DOCUMENTAL...

NAS súas viaxes a Galicia, frei Martín Sarmiento visitou numerosos arquivos e bibliotecas de mosteiros galegos: os de Poio e Lérez (Pontevedra), o de Samos (Lugo), onde leu o seu **tombo*** medieval, ou os composteláns de San Martiño Pinario e San Paio de Antealtares. Respecto deste, afirma que “a meirande parte dos **pergameos***, que son moitos, están en galego”. Isto permitiulle descubrir un inmenso **patrimonio documental*** que evidenciaba o protagonismo da lingua galega como lingua escrita nos pergamiños medievais.

SABÍAS QUE...?

Para ler os documentos antigos, as persoas que os están a investigar necesitan recorrer á **paleografía*** xa que a letra é difícil e hai moitas abreviaturas e signos. Descifrar o seu contido é todo un reto!



En canto a ler [en galego], apenas sabía que houbera monumentos escritos nese idioma, ata o devandito ano de 1745 que vin infinitos pergamiños e papeis, e lin tal cal por curiosidade.

SABÍAS QUE...?

Os notarios medievais puñan os seus propios signos que, xunto á súa sinatura, daban testemuño da validez do documento.



TÓCACHE A TI!



1. Quixemos ler algúns dos pergameos en galego que viu frei Martín nas súas viaxes, pero échenos ben difícil porque a letra non é doada. Poderíanos botar unha man e descifrar as seguintes palabras?

Orixinal	Transcrición	Palabra actual
	testemoyas	xuño
	juyo	xuízo
	Martyño	xoves
	juyzo	testemuñas
	Regno de Galiza	Martiño
	joues	Reino de Galiza / Galicia



O seu gusto pola epigrafía facilitoulle ler inscricións clave para coñecer a historia do patrimonio que visitaba. Por exemplo, da igrexa medieval de Santo Estevo de Chouzán apuntou as datas e os nomes de muros e sepulcros. Os paisanos foron outra valiosa fonte de información, en especial de tradicións, como a da lenda da cidade **a**solagada que recolleu en varios lugares, entre eles A Lanzada, unha praia con restos arqueolóxicos de varias épocas pola que sentía tal fascinación que a plasmou neste bosquexo:

As mámoas son túmulos funerarios prehistóricos, pero naquela época frei Martín pensaba que eran romanos.



Frei Martín foi pioneiro na súa rigorosa descrición de monumentos e na defensa da conservación do patrimonio. Os seus coñecementos e bo criterio artístico levaron o rei a escoller a súa proposta de esculturas para decorar o Palacio Real de Madrid.

TÓCACHE A TI!



Xunto con esta guía tes unha baralla de cartas con algúns dos monumentos que visitou frei Martín:

1. Saberías ordenalos seguindo os itinerarios que fixo en 1725, 1745 e o da peregrinación polo Salnés?
2. Serías quen de emparellar cada monumento co seu nome e localización? Tes dúas modalidades de xogo:

Sinxela: Esparexe as cartas cos monumentos e as cartas con información boca arriba nunha mesa, e intenta emparellalas. Se sodes varias persoas, facédeo por quendas e que cadaquén vaia quedando coas cartas que agrupe correctamente.

Difícil: Coloca todas as cartas boca abaixo. En cada quenda deberás levantar dúas. Se tes sorte e atopas a parella, levas as cartas. Se non, volve poñelas boca abaixo e lembra onde quedaron. Pouco a pouco irase descubrindo onde está cada unha e conseguirás agrupalas.

Se ao rematar es ti quen ten máis cartas, parabéns!, gañaches!

3. Coñeces estes monumentos? Se tes algún preto, visítao!



EN DEFENSA DAS MULLERES

XA durante a **Idade Media*** algunhas autoras como Cristina de Pizán e outros escritores e pensadores defenderon a capacidade intelectual e o importante papel das mulleres na sociedade da súa época. Porén, ata os nosos tempos, foron moitos os debates que existiron sobre este asunto, tamén no Século das Luces.



Frei Martín Sarmiento é o autor dunha *Defensa das mulleres* na que afirmaba que estas “son iguais aos homes en aptitude para as ciencias, para o goberno político e económico”. Tamén avogaba pola súa educación e destacou os seus logros intelectuais, científicos e técnicos ao longo da historia, moitos deles procedentes da experiencia cotiá (por exemplo, as prácticas menciñeiras).

Lamentaba frei Martín que moitas mulleres asumisen o discurso da inferioridade feminina, pois:






Conseguiron aqueles bárbaros que elas mesmas sexan as que principalmente manteñen o erro contra a súa dignidade.

TÓCACHE A TI!



1. Escribe nos círculos algúns dos traballos aos que se dedicaron as mulleres galegas no pasado e aos que se dedican no presente. Cales pensas que serán os seus traballos do futuro?





A BOTÁNICA


O noso monxe tiña un enorme interese pola **botánica***, é dicir, a rama da bioloxía que estuda as plantas. Gozaba do estudo dos nomes destas, das súas características e das súas propiedades medicinais. Plantaba en testos os vexetais que lle interesaban e observaba as súas partes e o seu desenvolvemento.

MÉTODO DE TRABAJO

Cando vía unha planta que non era das máis comúns, arrincábaa e preguntáballe á xente do lugar o seu nome e as súas virtudes. Apuntábao todo nos seus cadernos cunha descrición. E incluía nun sobre a flor, a semente e a folla. Ademais, escribía a data, o lugar de recollida e o nome.

SABÍAS QUE...?

Cando Sarmiento caeu durante unha viaxe, tomou tres baños de carqueixa dos xeonllos para abaixo e bebeu tres cuncas da infusión desta planta porque cría nas súas propiedades curativas.




TÓCACHE A TI!



1. Perdemos todas estas plantas na sopa de letras! Necesitamos atopalas canto antes. Poderíasnos axudar? Os seus nomes son: **carqueixa**, **queiruga**, **seixebra**, **xesta**, **abrótea**, **acivro** e **xarxa**. Unha delas está debuxada na páxina anterior. Sabes cal?

R	E	S	L	A	M	N	O	A
A	B	E	C	E	Q	G	X	H
B	V	I	N	S	U	I	E	A
R	E	X	S	O	E	D	S	C
O	I	E	Q	U	I	F	T	I
T	U	B	Q	L	R	E	A	V
E	X	R	E	I	U	P	O	R
A	A	A	F	Ñ	G	S	U	O
C	D	O	I	X	A	R	X	A

2. Ímonos poñer mans á obra e facer un herbario seguindo o método de traballo de frei Martín. Este é un exemplo de tarxeta clasificadora (ao final tes algunhas máis para recortares e faceres as túas propias).

Nome en galego	Toxo	
Nome en castelán	Tojo	
Lugar de recollida	Cacheiras (Teo)	
Data	9 de marzo de 2022	
	Flor <input checked="" type="checkbox"/> Froito <input type="checkbox"/>	



A FAUNA

SABÍAS QUE...?

O padre Sarmiento cría na introdución de especies exóticas na Península. Por exemplo, as cebras para aproveitar a súa carne e a súa pel ou os camelos pola súa forza e resistencia. Deles di “non dubido que cabalos, mulas e burros se afarán á compañía dos camelos”.

FREI MARTÍN SARMIENTO, como profundo amante da natureza, interesouse non só pola flora senón tamén pola fauna. Nos seus estudos describiu as características anatómicas de diversos animais, os seus costumes, as orixes dos seus nomes, os aproveitamentos por parte dos seres humanos, os lugares polos que se distribuían etc. A súa *Obra de 660 pliegos de Historia Natural y todo género de erudición* trata animais relacionados coa gandería e a pesca. Porén, outros animais

máis exóticos ou salvaxes tamén chamaron a súa atención. Queres saber cales? Descúbreos na seguinte páxina!



Lobo cerval



É magnificencia real ter unha estancia espazosa na cal se alimenten e se lles ensinen ao público animais feroces e exóticos, non para aveciñalos en España, senón para que todos, e en especial os pintores, teñan idea deles e saiban o que han pintar ao vivo.

TÓCACHE A TI!



1. Así definiu o padre Sarmiento os seguintes animais. Saberías unilos?


1. [...] a fermosura e a variedade das súas cores e a singular forma de falar, cantar e arremedar a voz humana. Como estaba na praza, onde van infinidade de mulleres galegas berrando en idioma galego, non sabía máis lingua que a galega.

2. Animal que parece cabalo, burro e mulo, e nada diso é. Silvestre pero inocente. Non hai animal que o iguale en velocidade.

3. Cando anda na ría, arrasa as sardiñas e outros peixes selectos. Os pescadores están inquedaos e con desacougo cando andan moitos na ría, xa porque espantan as sardiñas, xa porque as comen a centos, xa porque entran nas redes, as rompen e estragan, e toda a pesca escapa con eles.

4. É o animal que menos come e atura a fame e a sede por moitos días. É o animal, despois do elefante, sobre o que se pode cargar máis peso.

5. Eu chamaríalle a primeira especie dos porcos. Posúo o famoso corno alexifármaco dese animal e persuadinme de que é un verdadeiro porco cornudo.





PONTE A PROBA!

A: Palabra coa que designa frei Martín as persoas amantes da verdade.

B: Monxe ou monxa que segue a regra de san Bieito.

C: Planta con flores amarelas e propiedades curativas á que o padre Sarmiento incluso lle dedicou un libro.

D: Título da obra publicada por Sarmiento para defender o libro de Feijóo.

E: Ciencia que estuda a orixe e a historia das palabras.

F: Apelido do ilustrado bieito, fiel amigo de frei Martín e autor do discurso *Defensa de mujeres* e do *Teatro crítico universal*.

G: Mamífero acuático do cal Sarmiento di que espanta as sardiñas e por iso enfada os pescadores.

H: Momentos do día nos que os monxes ou monxas se xuntan na Igrexa para cantar oracións. Son oito: matíns, laudes, prima, terza, sexta, nona, vésperas e completas.

I: Movemento intelectual e cultural que aspiraba a acabar coas tebras da ignorancia da humanidade mediante as luces do coñecemento, da experimentación e da razón.

L: Unha das maiores paixóns de frei Martín, ademais de escribir.

M: Sepulcro prehistórico da época megalítica cuberto de terra.

N: Apelido do científico que formulou a lei da gravidade universal e cuxas obras Sarmiento tiña na súa biblioteca.

Ñ: (Contén o 'ñ') Mosteiro pontevedrés onde frei Martín entrou como novizo bieito.

O: En latín, lema fundamental da regra de san Bieito.

P: Lugar no que Sarmiento pasou a infancia e ao que sempre se sentiu moi unido.

Q: (Contén o 'q') Lugar onde se garda e clasifica calquera tipo de documentos. Sarmiento visitou moitos ao longo da súa vida.

R: Facultade de pensar e xulgar.

S: Comarca pontevedresa que rodeou frei Martín na súa viaxe de 1745.

T: Disciplina que estuda a orixe, historia e significación dos nomes de lugares.

U: Institución docente onde se cursan estudos superiores e que a frei Martín non lle gustaba nadiña.

V: Vila do Bierzo onde naceu frei Martín.

X: Arbusto bravo da familia das leguminosas, con moitas pólas delgadas e flexibles, follas pequenas e escasas, e flores amarelas ou brancas.

Z: (Contén o 'z') Tradución ao galego do lema fundamental da regra de san Bieito.



A MENSAXE SECRETA

--	--	--	--

--	--	--	--	--	--	--	--

,

--	--	--	--	--

--	--	--	--	--	--	--	--	--

,

--	--	--	--	--	--	--	--	--

--	--	--	--	--	--	--	--	--	--

--	--	--	--	--	--	--	--	--	--

.

SABÍAS QUE...?

Frei Martín Sarmiento escondía mensaxes secretas e xogos de palabras nos seus libros e escritos.



Páx. 11, ex. 1: 1695: nacemento de frei Martín Sarmiento. 1709: entra como novizo no mosteiro de San Benitiño de Lérez. 1710: ingresa no mosteiro de San Martín de Madrid. 1716-1720: estuda Teoloxía en Salamanca. 1723: chega ao mosteiro de San Vicente (Asturias). 1725: primeira viaxe a Galicia. 1745: segunda viaxe a Galicia. 1754: derradeira viaxe a Galicia. 1772: falecemento.

Páx. 11, ex. 3: 1943: fundación do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento. 2002: dedicóuselle o Día das Letras Galegas.

Páx. 13, ex. 1: 1. Tonsura. 2. Capucha. 3. Túnica. 4. Cinto. 5. Escapulario. 6. Sandalias.

Páx. 15, ex. 2: Breviario: libro que contén os rezos diarios dos clérigos. Cugula: capucha do hábito do monxe. Saio: casaca longa e sen botóns. Escapulario: tira de pano, cunha abertura para meter a cabeza, que certas ordes relixiosas levan como distintivo, pendurada sobre o peito. Almilla: peza de vestir axustada, con ou sen mangas, que cobre a parte superior do corpo. (RAG).


Páx. 17, ex. 1: *Demostración crítico apologética del Teatro Crítico Universal*: **Literatura**. *Sobre los atunes o almadras*: **Ciencias naturais**. *Memorias para la historia de la poesía y poetas españoles*: **Literatura**. *Coloquio en mil duascentas coplas galegas*: **Lingua e etimoloxía** / **Literatura**. *Catálogo de voces de la lengua gallega recogidas por el padre Sarmiento*: **Lingua e etimoloxía**. *Catálogo de libros curiosos y selectos*: **Arquivística e biblioteconomía**.



SOLUCIÓNS

Onomástico Latín-Gallego de los vegetables según el sistema de Tournefont: **Lingua e etimoloxía** / **Ciencias naturais**. La educación de la Juventud: **Pedagogía**. Onomástico etimológico de la lengua gallega: **Lingua e etimoloxía**. Sobre el lobo cervical: **Ciencias naturais**. Descripción, efectos y virtudes del vegetable carqueixa: **Ciencias naturais**. Sobre la legitimidad de unos privilegios antiguos: **Arquivística e biblioteconomía**. Onomástico etimológico latín gallego de los nombres de lugares, apellidos y frutos de Galicia: **Lingua e etimoloxía** / **Ciencias naturais**.


Páx. 19, ex. 1: Christoph Jakob Trew, Francis Bacon, Benito Jerónimo Feijóo y Montenegro, Carl Linneo, Isaac Newton, Andreas Schott, Athanasius Kircher, George Louis Leclerc, Juan Caramuel Lobkowitz, René Descartes, Esteban de Terreros y Pando.





Páx. 21, ex. 1: Por la Semana Santa comí dos melones de Valencia que eran un terrón de azúcar. Supongo que se siembran muy tarde. Remítote las pepitas para que repartes. Y si quisieres más, avisa. Y a Dios. Madrid, 23 de junio de [1]762. Tu hermano, Fr. Martín.
Escribiulla ao seu irmán.

Páx. 25, ex. 1:



Páx. 27, ex. 1: a) Empirismo. b) Ciencia. c) Razón. d) Saber. e) Enciclopedismo. f) Superstición.
Palabra intrusa: f) Superstición.



SOLUCIÓNS

Páx. 29, ex. 2: Porque o século XVIII no que viviu frei Martín forma parte dos chamados Séculos Escuros, denominación coa que se fai referencia aos séculos XVI, XVII e XVIII dentro da historia da lingua e a literatura galegas, por tratarse dun período de decadencia no que o galego non se consideraba apto para a ciencia nin para a cultura.

Páx. 31, ex. 1: Resposta libre. Exemplo:

Concello: Teo. Parroquias: 12 (Cacheiras, Bahamonde, Oza...). Lugares: 139 (Constenla, Reboredo, Cachóns...).

Páx. 31, ex. 3: Cariño (Boiro-A Coruña). Os Ricos (Mesía-A Coruña). Zas (A Coruña). O Quinto Pino (Arteixo-A Coruña). Barrigas (Toques-A Coruña). Melón (Ourense). Montemeao (Cedeira-A Coruña). Días (Vilasantar-A Coruña).

Páx. 33, ex. 1:

<i>Regno de galiza</i> → Regno de Galiza ↳ Reino de Galiza/Galicia	<i>Juys</i> → juyo → xuño
<i>Joues</i> → joves → xoves	<i>Juysso</i> → juyzo → xuízo
<i>testemoyas</i> → testemoyas ↳ testemuñas	<i>martyño</i> → Martyño ↳ Martiño

Páx. 35, ex. 1: 1725: Catedral de Mondoñedo, Igrexa de San Francisco de Betanzos, Torre de Hércules, Catedral de Santiago, Igrexa de Santa María de Pontevedra, Castelo de Soutomaior, Mosteiro de San Salvador de Celanova, Ponte vella de Ourense, Colexio da Nosa Señora da Antiga, Santuario da Nosa Señora das Ermidas.

1745: Palloza de Pedrafita do Cebreiro, Mosteiro de San



Xulián de Samos, Muralla de Lugo, Mosteiro de Santa María de Sobrado dos Monxes, Catedral de Santiago, Igrexa de Santa María de Pontevedra, Castro de Santa Tegra, Arsenal de Ferrol.

Salnés: Ermida da Nosa Señora da Lanzada, Pazo de Fefiñáns, Torres do Oeste, Pedrón (Igrexa de Santiago de Padrón), Catedral de Santiago.

Páx. 35, ex. 2:



Catedral de Santiago
(Santiago de Compostela,
A Coruña)



Mosteiro de Santa María
de Sobrado dos Monxes
(Sobrado dos Monxes, A
Coruña)



Torre de Hércules (A
Coruña)



Mosteiro de San Xulián de
Samos (Samos, Lugo)



Igrexa de Santa María de
Pontevedra (Pontevedra)



Castro de Santa Tegra (A
Guarda, Pontevedra)



Ermida da Nosa Señora
da Lanzada (Sanxenxo,
Pontevedra)



Pedrón, Igrexa de
Santiago de Padrón
(Padrón, A Coruña)



Torres do Oeste (Catoira,
Pontevedra)



Santuario da Nosa Señora
das Ermidas (O Bolo,
Ourense, na bisbarra de
Valdeorras)



Igrexa de San Francisco
de Betanzos (Betanzos, A
Coruña)



Castelo de Soutomaior
(Soutomaior, Pontevedra,
preto de Redondela)



Arsenal de Ferrol (Ferrol, A
Coruña)



Catedral de Mondoñedo
(Mondoñedo, Lugo)



SOLUCIÓNS



Ponte vella de Ourense
(Ourense)



Pazo de Fefiñáns
(Cambados, Pontevedra)



Muralla de Lugo (Lugo)



Palloza (Pedrafita do
Cebreiro, Lugo)



Mosteiro de San Salvador
de Celanova (Celanova,
Ourense)



Colexio da Nosa Señora da
Antiga (Monforte de Lemos,
Lugo)

Páx. 37, ex. 1: Resposta libre. Exemplo: redeira (pasado), científica (presente), presidenta (futuro).


Páx. 39, ex. 1:

R	E	S	L	A	M	N	O	A
A	B	E	C	E	Q	G	X	H
B	V	I	N	S	U	I	E	A
R	E	X	S	O	E	D	S	C
O	I	E	Q	U	I	F	T	I
T	U	B	Q	L	R	E	A	V
E	X	R	E	I	U	P	O	R
A	A	A	F	Ñ	G	S	U	O
C	D	O	I	X	A	R	X	A

A planta debuxada na páxina anterior é o acivro.



Páx. 41, ex. 1:



1: Papagaio. 2: Cebra. 3: Golfiño. 4: Camelo. 5: Rinoceronte.

Páxs. 42-43:

A: *alethophilo*. B: bieito/a. C: carqueixa. D: *Demostración crítico-apologética del Teatro Crítico Universal*. E: etimoloxía. F: Feijóo. G: golfiño. H: horas canónicas. I: ilustración. L: ler. M: mámoa. N: Newton. Ñ: San Benitiño de Lérez. O: *ora et labora*. P: Pontevedra. Q: arquivo. R: razón. S: Salnés. T: toponimia. U: universidade. V: Villafranca del Bierzo. X: xesta. Z: reza e traballa.

Páx. 44: O meu gaíísimo, o gran Mizaldini, remíteche afectuosas gatatumbas.



GLOSARIO

Arquivística: disciplina que se ocupa da conservación e organización dos arquivos.

Biblioteconomía: técnica da conservación, organización e administración das bibliotecas.

Bieito/a: monxe/a que segue a regra de san Bieito.

Botánica: rama da bioloxía que estuda as plantas.

Capítulo xeral: reunión que realizan os dirixentes dunha orde relixiosa para tratar diversos asuntos.

Cela: nun mosteiro, o dormitorio asignado a un monxe ou monxa, o lugar onde ten as súas posesións.

Cisterciense: membro da orde relixiosa do Císter, fundada a finais do século XI e expandida a partir do século XII por Bernardo de Claraval.

Cronista: persoa que escribe crónicas, é dicir, relacións de feitos históricos narrados pola orde en que aconteceron.

Epigrafía: ciencia que ten por obxecto o estudo das inscricións, é dicir, os escritos, xeralmente breves, gravados sobre unha superficie de pedra, metal etc.

Erudito/a: persoa que posúe un gran coñecemento sobre unha ou varias disciplinas.

Etimoloxía: ciencia que estuda a orixe e a historia das palabras.

Farmacopea: libro ou códice onde se recolle a listaxe oficial de medicamentos e a información adicional sobre a súa fórmula, dosificación, modo de administración etc.



Fonte histórica: calquera documento escrito, material, audiovisual... que nos proporciona información sobre o pasado.

Horas canónicas: momentos do día nos que os monxes se xuntan na igrexa para cantar oracións. Son oito: matíns, laudes, prima, terza, sexta, nona, vésperas e completas.

Idade Media: período da historia que tradicionalmente se considera que abrangue desde o século v ata o xv.

Ilustración: movemento intelectual e cultural que aspiraba a acabar coas tebras da ignorancia da humanidade mediante as luces do coñecemento, da experimentación e da razón.

Ilustrado/a: persoa que defende o ideario da Ilustración.

Mámoa: sepulcro prehistórico da época megalítica cuberto de terra.

Novizo/a: persoa que tomou recentemente o hábito relixioso e está pasando un tempo de proba nun convento.

Numismática: ciencia que se ocupa das moedas e medallas, especialmente das antigas.

Ora et labora: lema fundamental da regra de san Bieito. Traducido ao galego significa “reza e traballa”.

Orde relixiosa: asociación de persoas unidas por votos de relixión que seguen unha regra común.

Paleografía: ciencia que se ocupa do estudo das inscricións e escritos antigos.



GLOSARIO

Patrimonio documental: conxunto de documentos que reflicten a historia e identidade colectiva dunha sociedade.

Pergameo: documento escrito en pel de animal curtida e estirada. Sinónimo: pergamiño.

Profesar: ingresar definitivamente nunha orde relixiosa facendo os votos correspondentes e comprometéndose a cumprilos.

Refectorio: comedor dun mosteiro.

Scriptorium: cuarto dos mosteiros dedicados á realización e copia de manuscritos.

Telégrafo: aparello que transmite ou recibe mensaxes codificadas mediante este sistema.

Teoloxía: ciencia que se ocupa do estudo da relixión ou de asuntos divinos, baseándose nos textos sagrados e na tradición.

Tombo: libro de pergameo de gran tamaño que hai nas igrexas, conventos, mosteiros, municipios e outras comunidades, coas copias dos seus privilexios e das escrituras das súas propiedades.

Toponimia: estudo da orixe, historia e significación dos nomes de lugares.

Xesuíta: relixioso da orde da Compañía de Xesús, fundada no século xvi por san Ignacio de Loyola xunto con outros nove compañeiros.

BIBLIOGRAFÍA



AGÍS VILLAVERDE, Marcelino, *O Padre Sarmiento, viaxeiro*, Vigo, Galicia Milenio. Foro de Pensamento e Opinión; Galaxia, 2018.

As mulleres na obra de Frei Martín Sarmiento. 1695-1772, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2002.

BARREIRO BARREIRO, Xosé L., *Martín Sarmiento (1695-1772) na Ilustración*, A Coruña, Baía Edicións, 2002.

CARBALLO, Francisco, *Martín Sarmiento*, Vigo, A Nosa Terra, 2002.

CARREIRO, Pepe, *Frei Martín Sarmiento. Os Bolechas. As miñas primeiras Letras Galegas*, Santiago de Compostela, Bolanda, 2021.

CASARES, Carlos, *A vida do Padre Sarmiento*, Vigo, Galaxia, 2001.

FILGUEIRA VALVERDE, José, *Fray Martín Sarmiento (1695-1772)*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1994.

GARCÍA TATO, Isidro, e SUÁREZ PIÑEIRO, Ana M.^a, *Frei Martín Sarmiento*, Noia, Toxosoutos, 2001.



BIBLIOGRAFÍA

GARCÍA TATO, Isidro, e VALDÉS HANSEN, Felipe (eds.), *Vida y obra del Rvdo. P. M. Fray Martín Sarmiento: (1695-1772). Sacada a la letra de un manuscrito anónimo del s. XVIII*, Santiago de Compostela, Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, 2003.

GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (dir.), *Dicionario da Real Academia Galega*, A Coruña, Real Academia Galega, <<https://academia.gal/dicionario>>

O Padre Sarmiento e o seu tempo. Actas do Congreso Internacional do Tricentenario de Fr. Martín Sarmiento (1695-1995), Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega; Universidade de Santiago de Compostela, 1997, 2 vols.

PARDO DE GUEVARA Y VALDÉS, Eduardo, *Fray Martín Sarmiento: el amor de la verdad (1695-1772)*, A Coruña, Diputación Provincial de A Coruña; Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, 2002.

PARDO DE GUEVARA Y VALDÉS, Eduardo, “Frei Martín Sarmiento, unha aproximación ó grande ilustrado galego”, *Revista galega do ensino*, 16 (maio 1997), páxs. 139-150.

PENSADO, José Luis (introd.), *Estudos adicados a Fr. Martín Sarmiento. Artigos tirados dos Cuadernos de Estudios Gallegos (1945-1982)*, Santiago de Compostela, Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, 1995.

BIBLIOGRAFÍA



RABUÑAL, Henrique, *O Padre Sarmiento. Arquivo da lingua e cronista da patria*, A Coruña, Espiral Maior, 2002.

SARMIENTO, Fr. Martín, *Coloquio de vintecatro galegos rústicos*, edición de Ramón Mariño Paz, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 1995.

SARMIENTO, Fr. Martín, *Viaxe a Galicia (1745)*, edición e estudo de J. L. Pensado, Noia, Toxosoutos, 2001.

SARMIENTO, Fr. Martín, *Sobre a lingua galega. Antoloxía*, edición de Henrique Monteagudo, Vigo, Galaxia, 2002.

SANTOS PUERTO, José, *Martín Sarmiento. Ilustración, educación y utopía en la España del siglo XVIII*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2002, 2 vols.

Viaje a Galicia de fray Martín Sarmiento (1754-1755). Ms. de la abadía de Silos transcrito por Fr. Mateo del Álamo y Fr. Justo Pérez de Urbel, edición e notas de F. J. Sánchez Cantón e J. M. Pita Andrade, Santiago de Compostela, Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, 1950.

RECORTABLES



Nome en galego		
Nome en castelán		
Lugar de recollida		
Data		
	Flor <input type="checkbox"/> Froito <input type="checkbox"/>	

Nome en galego		
Nome en castelán		
Lugar de recollida		
Data		
	Flor <input type="checkbox"/> Froito <input type="checkbox"/>	

Nome en galego		
Nome en castelán		
Lugar de recollida		
Data		
	Flor <input type="checkbox"/> Froito <input type="checkbox"/>	

Nome en galego		
Nome en castelán		
Lugar de recollida		
Data		
	Flor <input type="checkbox"/> Froito <input type="checkbox"/>	

RECORTABLES




Nome en galego		
Nome en castelán		
Lugar de recollida		
Data		
	Flor <input type="checkbox"/> Froito <input type="checkbox"/>	

Nome en galego		
Nome en castelán		
Lugar de recollida		
Data		
	Flor <input type="checkbox"/> Froito <input type="checkbox"/>	

Nome en galego		
Nome en castelán		
Lugar de recollida		
Data		
	Flor <input type="checkbox"/> Froito <input type="checkbox"/>	

Nome en galego		
Nome en castelán		
Lugar de recollida		
Data		
	Flor <input type="checkbox"/> Froito <input type="checkbox"/>	







CATEDRAL DE SANTIAGO
(SANTIAGO DE COMPOSTELA, A CORUÑA)


**MOSTEIRO DE
SAN XULIÁN DE SAMOS**
(SAMOS, LUGO)

CATEDRAL DE MONDOÑEDO
(MONDOÑEDO, LUGO)


**MOSTEIRO DE
SAN SALVADOR DE CELANOVA**
(CELANOVA, OURENSE)

TORRE DE HÉRCULES
(A CORUÑA)

**IGREXA DE
SANTA MARÍA DE PONTEVEDRA**
(PONTEVEDRA)







BARALLA



PAZO DE FEFIÑÁNS
(CAMBADOS, PONTEVEDRA)

ARSENAL DE FERROL
(FERROL, A CORUÑA)


**MOSTEIRO DE SANTA MARÍA
DE SOBRADO DOS MONXES**
(SOBRADO DOS MONXES, A CORUÑA)

**IGREXA DE
SAN FRANCISCO DE BETANZOS**
(BETANZOS, A CORUÑA)

MURALLA DE LUGO
(LUGO)


PALLOZA
(PEDRAFITA DO CEBREIRO, LUGO)

**COLEXIO DA
NOSA SEÑORA DA ANTIGA**
(MONFORTE DE LEMOS, LUGO)



BARALLA







**SANTUARIO DA
NOSA SEÑORA DAS ERMIDAS**
(O Bolo, Ourense,
na Bisbarra de Valdeorras)

CASTELO DE SOUTOMAIOR
(Soutomaior, Pontevedra,
preto de Redondela)


PEDRÓN,
IGREXA DE SANTIAGO DE PADRÓN
(Padrón, A Coruña)

CASTRO DE SANTA TEGRA
(A Guarda, Pontevedra)

PONTE VELLA DE OURENSE
(Ourense)

**ERMIDA DA
NOSA SEÑORA DA LANZADA**
(Sanxenxo, Pontevedra)

TORRES DO OESTE
(Catoira, Pontevedra)



NORMAS DE XOGO

Velaquí unha baralla de cartas con algúns dos monumentos que visitou frei Martín. Serías quen de emparellar cada un co seu nome e localización?

Hai dúas modalidades de xogo:

SINXELA

Esparexe as cartas cos monumentos e as cartas con información boca arriba nunha mesa, e intenta emparelalas. Se soades varias persoas, fácedo por quendas e que cadaquén vaia quedando coas cartas que agrupe correctamente.

BARALLA



Difícil

Coleca todas as cartas boca abaixo. En cada quenda deberás levantar dúas. Se tes sorte e atopas a parella, levas as cartas. Se non, volve poñelas boca abaixo e lembra onde quedaron. Pouco a pouco irase descubrindo onde está cada unha e conseguirás agrupalas.

Se ao rematar es ti quen
ten máis cartas, parabéns!,
gañachese!



Guía Didáctica Free Maria Sarmiento

